

1º POSTO – CATEGORÍA XUVENIL

UNHA NOITE NO PARQUE

Púxenme a escoitar a radio no móbil. Era certo o que me dixeran: o periodista confirmara os rumores sobre a desaparición daquel neno. Izan, pobre rapaz, saíra xogar ao parque e non volveu aparecer.

Saín dar unha volta con Lúa, a miña cadela palleira, mentres seguía escoitando a radio.

Xa na rúa, botei a andar. Si, xa sei que era de noite, mais cando non podo dormir, sempre saio dar unha volta coa cadela pola vila.

Pasada media hora, outra noticia da radio chamou a miña atención. Pablo, de só seis anos, tamén desaparecera no parque. Non lle dei moita importancia máis evitei en todo momento ir alí.

Pouco tempo despois, decateime de que Lúa estaba inquieta, comezou a remexerse agobiada, o que provocou que a cinta do colar rompese, deixando libre a cadela, que non dubidou en fuxir rápido de min. Inmediatamente saín da aplicación da radio e entrei en Google Maps, onde a tiña localizada en tempo real, grazas ao rastrexador que levaba no colar.

Despois de seguir os movementos da cadela no GPS durante un bo anaco, cheguei ao lugar onde estaba que, casualmente, era o parque. Segundo o localizador, a miña queridacadela palleira estaba situada nun raio de vinte metros respecto a min.

A pesar das desaparicións, enchinme de valor e adentreime no parque cara á localización de Lúa no GPS, unha localización segundo a cal, a cadela reemprendía a marcha. Despois de case media hora seguindo o seu rastro, desapareceu do radar. Xa estaba a piques de renderme mais, de súpeto, oín uns ladridos no medio das árbores ao lonxe. Emocionado, botei a correr en dirección a eles.

O que non oín foi o disparo que me fa converter no terceiro dos desaparecidos no parque.